

# Carta Escolar de Laicidade



- 1- O Estado español non ten relixión, xa que logo, o sistema educativo debe ser neutral ante a cuestión relixiosa. O ensino da relixión confesional non ten cabida no marco do currículo escolar.
- 2- Os centros de ensino rexeranse polos principios que establece a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os tratados sobre os dereitos da infancia.
- 3- Todo o alumnado ten dereito a unha educación cívica e a unha cultura común, así como a unha educación transversal baseada na liberdade de conciencia, sen adoutramento de ningún tipo.
- 4- A educación debe ser integral. A escola ten o deber de ofertar ao alumnado todas as condicións precisas para que desenvolva a súa personalidade e capacidade crítica, co fin de que poda exercer a súa propia elección en materia de conviccións-
- 5- A relixión e a diversidade de conviccións son ámbitos privados. Cada persoa que forma parte da comunidade educativa é libre de crer ou non crer, de pertencer ou non a unha determinada relixión.
- 6- Os centros escolares deben fuxir de calquera tipo de discriminación por cuestión de sexo, nacemento, etnia, opinión e convicción relixiosa, ou de calquera outra natureza.
- 7- A exposición de simboloxía relixiosa, proselitismo, liturxias ou ideoloxía particular non teñen cabida nos centros escolares, o mesmo que non deberían ter denominación relixiosa ou relacionada con ideoloxías excluíntes.
- 8- O alumnado e o resto da comunidade educativa poden expresar calquera opinión relixiosa ou ideolóxica, pero de xeito respectuoso, nunca de xeito ostensible e dentro do marco do Proxecto Educativo de Centro e o Plan Anual, que serán laicos.

A ter en conta polas comunidades educativas de todos os Centros Escolares do Sistema Educativo dos territorios que constitúen o Estado español.

[www.laicismo.org](http://www.laicismo.org)

europa  
laica